

IES Salvador de Madariaga (A Coruña)

2º BAC | **CURTO**

Castelo Ferro, Yago

LEMA: Porcos vs Natureza

DESCRICIÓN:

O vídeo trátase dunha mostra de cómo contaminamos o noso planeta. Quizais os exemplos parecen irrealis e extrapolados pero tratase de algo que realmente sucede e pretendemos que a xente se dea de conta delo.




IES Terra de Turonio (Gondomar, Pontevedra)

1º ESO | **DEBUXO**

Rodríguez Narciso, Tomás

LEMA: Se aumentamos a contaminación, isto é o que ocorrerá






**IES Terra de Turonio
(Gondomar, Pontevedra)**
4º ESO | PRESENTACIÓN



Misa García, Aron
Rodríguez, Thais
Rodríguez, Eva

LEMA: Campaña de aforro enerxético no IES de Turonio



Nesta campaña fixemos:


- Uns cartéis con indicacións claras e concisas da acción a realizar. Poderán incluír algún debuxo indicativo e simplificado.
- Fomos por tódalas clases do centro expoñendo ese traballo:
 - Primeiro expuxemos nun cartel grande o título, para facer ver cal é o obxectivo a conseguir.
 - A continuación cada alumno expuso o seu cartel, dando as explicacións que considerou convenientes en cada momento tendo en conta as intervencións dos oñtes.
 - Despois tódolos cartéis colocáronse arredor do título principal.
- Por último estes cartéis quedaron expostos, nun panel, nunha zona ben visible do instituto.



**IES Terra de Turonio
(Gondomar, Pontevedra)**
4º ESO | PRESENTACIÓN

Hermida, Sheila
Otero, José Luís
Valverde, Alexandra

LEMA: Campaña do aforro enerxético



IES Terra de Turonio (Gondomar, Pontevedra)

IES Terra de Turonio (Gondomar, Pontevedra)

IES Terra de Turonio (Gondomar, Pontevedra)

**IES Terra de Turonio
(Gondomar, Pontevedra)**
4º ESO | **PRESENTACIÓN-CURTO**

Guerrero, Raquel
Pérez, Débora
Tizón, Rebeca

LEMA: Exposición da campaña do aforro enerxético



IES Terra de Turonio (Gondomar, Pontevedra)

**IES Terra de Turonio
(Gondomar, Pontevedra)**
3º ESO | **DEBUXO**

Ana Iglesias
Jonathan Fernández

LEMA:

DESCRICIÓN:

A contaminación pasou de ser un pequeno problema a un dos máis importantes na actualidade. Os edificios e as fábricas crecen e os bosques e fauna desaparecen.



O desastre que fixeron da miña praia

Hoxe, despois de trinta e dous anos, volto a miña terra, Galicia, á terra que me deu o primeiro alento de aire puro, a terra que me deu a vida, ela é como se fose miña nai.

No tren so fago recordar os bos momentos que pasei na miña casa, á veira da praia Ladeira, á praia máis fermosa, á primeira que os meus ollos viron e na que a miña pel foi bañada pola súa auga pura e cristalina. Recordo a alegría que pasara, pois aí levei a miña primeira moza o día de "San Xoán" e alí tamén me despedín dos meus amigos e amigas, xa que esa época era moi dura e non tendo traballo por ningures, tiven que emigrar a Suíza.

A miña ledicia aumentaba cada vez máis ao ver aqueles prados verdes, non tan cheos de gando coma cando me fora cos ollos cheos de bágoas, de tristeza; agora énchense os ollos de bágoas de alegría, de poder voltar e ver prados, montes, casas rurais, uns poucos anciás facendo a natureza máis fermosa da que xa ela é, traballando as súa terra. Pero o meu xúbilo sería maior ao ver a miña praia, a miña casa e a miña xente.

Encanto cheguei á estación de tren de Vigo, miña irmá menor xa estaba agardando por min no seu coche. Encanto saín da estación o meu corpo sentiuse raro, podía ser por regresar á Galicia ou por ver no que se convertera Vigo, por todos lados edificios, coches, bucinas que creaban dor de cabeza, autobuses, etc... Aquilo non parecía Vigo senón que parecía Suíza, case ninguén camiñando a maioría en bus ou en coche, polo visto as novas tecnoloxías so fan estragar as paisaxes que a terra nos agasou. O meu corazón encollíase ao longo do camiño ata Sabarís. Víanse paisaxes bonitas pero non preciosas como as que eu recordaba fai trinta e dous anos, polo visto a deforestación, a contaminación e moitas outras cousas fixeran desaparecer a antiga Galicia.

En canto chegamos a Sabarís, xa era noite, miña irmá preparoume unha cea deliciosa, iso era o único que permanecera igual naquel lugar. A pesar de que xa era noite podía distinguir moi ben os coches, a xente nos bares, ninguén nas ruas como antes.

IES Terra de Turonio
(Gondomar, Pontevedra)

3º ESO | NARRATIVA

Alonso Vieitez, Lucía

LEMA: O desastre que fixeron da miña praia

Ao terminar de cear subín, arranxei as miñas cousas, pero a miña única esperanza seguía alí en Sabarís, a praia. Decateime de que dende a terraza podía ver a praia, saín correndo pero o ceo e as estrelas viñéronse enriba, o gran edificio que construíran diante da casa non deixaba gozar desa marabillosa vista. Agarrei tanta dor no corazón que o único que me aliviou foi gritar.

QUE BONIOTOS PAISAXES,
QUE BONITOS PRADOS,
QUE GRANDE A CIDADE
QUE DESTRUÍRA OS NOSOS PRADOS.

QUE ALEGÍA XOGAR NAS RUAS,
QUE ALEGRÍA ESQUECER OS PROBLEMAS,
QUE PENA NON PODER XOGAR COMO ANTES
PERO MÁIS PENA DÁ NON PODER ESQUECER
OS PROBLEMAS.

Cando xa me soseguei entrei, e funme para cama, pero xa nada era igual.

Ó día seguinte erguinme, ducheime e baixei a almorzar.

As dez saín da casa para praia. Alí quedara cos meus vellos amigos. Encanto cheguei a praia estaba ateigada de xente, papeis, coches...coches que desfizeran o pequeno parque que os nosos pais montaran para nos xogarmos. A súa esquerda non quedaba rastro ningún dos prados, no seu lugar quedaba un cámping completo de caravanas e o seu chan cheo de papeis. A miña única esperanza era a praia e a súa auga limpa e cristalina como antes, mais non foi así; na auga había cueiros, bolsas, vasoiras, zapatos, etc...nada o que era nada estaba igual.

Eu como fillo de Galicia que me sinto, xúrolle a miña praia que se non son eu será algún dos meus fillos que cumprirá está promesa:

Poder facer que moita outra xente te vexa como aí trinta e dous anos.

PORTI MIÑA TERRA EU DARÍA Á MIÑA VIDA ENTEIRA.